



5 de xuño de 2008

Curso 2007/08 nº 29

boletin@edu.xunta.es



Boletín Informativo

En páxinas seguintes:

Implantación de modalidades de bacharelato 2

Calendario escolar 08-09 2

Implantación da xornada lectiva 2

Convocatoria do premio Marta Mata 2008 2

II festa da narración oral de Galiza 2

Programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo

Programa de axudas económicas aos concellos coa finalidade de financiar, apoiar e **potenciar a apertura de cen-**



tros educativos fóra do horario escolar.

Os obxectivos globais deste programa son : por unha banda, preténdese fomentar o desenvolvemento de actividades deportivas, artísticas, relacionadas coa saúde, de lecer e tempo libre que proporcionen unha formación integral ao alumnado promovendo estilos de vida saudables e deportivos. Por outra banda, procúrase o fomento do éxito escolar e a redución do abandono

temperán a través de actividades extraescolares.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG o vindeiro martes

[Acceso ao borrador da orde de convocatoria](#)

5 de Xuño. Día mundial do Medio Ambiente

Instituído en 1972 pola Asemblea Xeral da Organización das Nacións Unidas, o Día Mundial do Medio Ambiente (DMMA) é un dos eventos mais senlleiros sobre o contorno natural e celébrase o 5 de xuño de cada ano en máis de 100 países. Este ano a sede anfitriona será a cidade de Wellington, en Nova Celandia.

O lema seleccionado para 2008 é “Deixa o hábito! Cara a unha economía baixa en

carbono”. No web do evento pódense atopar exemplos inspiradores e o alfabeto do ambiente, con 80 maneiras de celebrar o día Mundial do Medio Ambiente e axudar a conseguir un contorno mellor para todos

[Web do DMMA](#)

O portal [Valora](#) únese á conmemoración do 5 de xuño como o Día Mundial do Medio Ambiente cun especial onde se xunta material, recur-

sos e un banco de novas que fan referencia tanto ao lema deste ano como á concienciación sobre os recursos enerxéticos.



Convocatorias de premios

[Premios a recursos educativos para a Sociedade da Información](#)

[Premios á innovación educativa](#)

Proxecto de decreto polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 9 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública

galega, publícase o anteproxecto de decreto polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de

Galicia, remitido ao Consello Consultivo de Galicia.

[Acceso ao documento en PDF](#)



Implantación das modalidades de bacharelato

Orde do 29 de maio de 2008 pola que se autoriza a implantación das modalidades de bacharelato en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia de acordo coa

nova ordenación establecida pola LOE

[Acceso ao documento en PDF](#)



Aprobación do calendario escolar 2008-2009

Orde do 29 de maio de 2008 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 08-09

nos centros docentes sostidos con fondos públicos

[Máis información](#)



Procedemento para a implantación da xornada lectiva

Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas

escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educa-

ción especial e centros privados concertados.

[Máis información](#)

Convocatoria do premio "Marta Mata" á calidade dos centros educativos 2008

No BOE do 3 de xuño publícase a orde de convocatoria do premio Marta Mata cuxo obxectivo é recoñecer aqueles centros docentes non universitarios distinguidos polas súas boas prácticas e polo esforzo compartido da comunidade educativa a prol dunha educación de calidade para todos.

O premio ten 4 modalidades:

A- Centros de infantil e primaria

B- Centros de ESO, bacharelato e/ou FP

C- Centros de educación especial, para persoas adultas, EOI e centros de ensinanzas artísticas e deportivas

D- Centros privados concertados

O prazo de presentación das candidaturas péchase o 11 de xullo

[Máis información](#)



II festa da narración oral de Galiza

O 5 de xullo, en Arca (O Pino, A Coruña) terá lugar a [II Festa da Narración Oral de Galiza](#). Inclúe unha xornada de formación para educadores e educadoras durante a mañá (xa está aberta a inscrición).

Xa pola tarde, celébrase a festa propiamente dita cun acto central no Centro Sociocultural Luís Seoane. E pola noite en todos os bares e pubs

de Arca contacontos e actuacións libres en directo.



Ligazón á páxina de lexislación educativa: [acceso](#)

O liberespazo: [acceso](#)

Unidade de muller e ciencia: [acceso](#)

Webs temáticas

Contidos Educativos
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



Plan Galego de Convivencia
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



Plan Valora
<http://www.edu.xunta.es/valora>



Mupegas
<http://www.edu.xunta.es/mupegas>



Linguas estranxeiras
<http://www.edu.xunta.es/linguasestranxeiras>



Rede TIC de Centros
http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_tic



Bibliotecas escolares
<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>



Publicacións

[LOE](#)

[Lexislación de Educación Primaria](#)

[O proceso de adaptación. E ti ... vas á escola?](#)

[Plan de Convivencia](#)

[Saudíña](#)

[Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento](#)

[Alumnado con discapacidade motora](#)

[Alumnado con problemas de conduta](#)

[Alumnado con discapacidade intelectual](#)

[Alumnado con sobredotación intelectual](#)

[Proxectos de innovación educativa 2008-09](#)

[Premios de innovación educativa 2008](#)

[Plans e actuacións en innovación educativa](#)